Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Teresa da Creería, a panadeira dos mouros

Na Pena Rubia, en Vilisome, San Estevo de Anllo, Sober (Lugo) vivían os mouros.

O pan facíallelo unha muller de Bordelle chamada Teresa da Creería e cóntase que unha vez, mentres ela amañaba para cocer, os mouros foron buscar leña para o forno e quedou soa na casa.

Os mouros deixaron unha ola no lume e rogáranlle á panadeira que non mirase o que había dentro. Pero ela mirou e viu que dentro da pota había unha caveira cos pelos requichados.

A panadeira colleu medo e botou a correr pola ribeira arriba cara á súa casa. Daquela regresaban os mouros coa leña e ao vela correr berrábanlle:

-¡Teresa da Creería, vulva polo crecente e pola pineira!

E ela contestáballes:

-¡Non volverei eu non, anque de ouro se volvera!

[Ilustración de Noemí López]



BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Grupo O TRÍCOLE, Documento inédito sobre as lendas de Sober.